

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-III-21


PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre o xenoma. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

O noso xenoma é un mosaico



Esta semana a revista científica *Proceedings of the Royal Society B: Biological Sciences* publicou as conclusións dunha investigación que proba que a maior proporción de ADN africano na poboación actual da Península Ibérica ten a súa orixe en fluxos migratorios moi anteriores ao que se pensaba. O traballo, dirixido pola galega Gloria González Fortes, especialista en xenética de poboacións antigas, amosa que esa hibridación con poboacións procedentes de África (probablemente a través do estreito de Xibraltar) se produciu hai máis de 4.000 anos e seguramente moito antes (pode que mesmo hai 8.000 ou 9.000).

O estudo parte da observación dunha maior porcentaxe de ADN africano na poboación ibérica actual, en relación con outras poboacións europeas. Ata agora pensábase que isto se debía aos fluxos que se produciron durante o período de dominación islámica entre os séculos VIII e XV, pero esta nova investigación subliña que unha parte da diversidade xenética africana presente na poboación ibérica actual é moi anterior a este período.

O traballo abre a porta, polo tanto, a unha nova concepción das relacións entre a Península Ibérica e o continente africano xa na Prehistoria.

Falamos con Gloria González Fortes.

Xa se sabía que a poboación da Península Ibérica tiña unha maior compoñente xenética de orixe africana que o resto de Europa. Esta investigación permítenos coñecer mellor a súa orixe?

Na Península Ibérica a porcentaxe de variantes xénicas africanas nas poboacións actuais é máis elevada que no resto de Europa, onde tamén se atopan, pero en menor proporción. A explicación á que ata agora chegaban os xenetistas e os historiadores era que este extra de ADN africano chegara no período islámico, a partir do século VIII. Porén, nos últimos anos estaba a crecer un debate que apuntaba a que este sinal africano podía ser anterior, de tipo prehistórico. A novidade do noso artigo é que puidemos analizar mostras antigas de varios puntos da Península Ibérica, de ao redor de 4.000 anos de antigüidade.

Ao analízalas, vemos que son tipicamente europeas, parécese moito a mostras doutros lugares do sur do continente. Pero a maiores diso, teñen unha semellanza con mostras africanas que non se atopa nas mostras do resto de Europa. Iso lévanos á conclusión de que ese fluxo xénico chegou directamente á Península Ibérica, non fixo todo o percorrido dende Oriente Medio, Anatolia e Centro Europa. É dicir, seguiu unha ruta alternativa, cruzando o Estreito de Xibraltar. Isto contradí a visión clásica que consideraba que todas as migracións africanas seguisen este camiño a través do Danubio, de leste a oeste.

Pódese datar con precisión cando se produciu este fluxo migratorio a través do Estreito de Xibraltar?

Non, non o podemos datar con precisión, pero con seguridade deuse en xeracións anteriores a estes individuos que analizamos, de hai 4.000 anos, que xa son híbridos, cunha mestura de ADN europeo e africano. O que dificulta poder concretar máis o momento desta migración é a ausencia de mostras anteriores, do Mesolítico, na zona de Andalucía. A razón é que a maior parte dos xacementos están cubertos polo mar. Si se realizaron análises de ADN antigo no norte da Península, en León e en Chan do Lindeiro (Lugo), con 7.000 e 9.000 anos de antigüidade. Nestes individuos non se atopou ADN africano. Ao carecer de análises no sur, non podemos saber se esta ausencia se debe a que aínda non chegara a migración africana ou que só chegara ao sur da Península.

Hai diferenza, polo tanto, nas mostras que analizastes do norte e do sur da Península?

Si, no estudo comparamos mostras desa época do norte e do sur da Península e detectamos que ese sinal africano é máis forte no sur. As montañas e as planicies actuaban como unha barreira natural para as migracións, que se movían sobre todo seguindo os ríos. Estamos falando sempre de migración de grupos pequenos, o que polo tanto facía que tardase moito tempo en chegar a información xenética a toda a Península.

A vosa investigación chega nunha época na que se fala moito de migracións, pero á vista de estudos coma o voso queda claro que estes fluxos de poboación se deron en toda a historia, que axudaron a conformar o ser humano actual...

Non sei se o ser humano é migrante por natureza, pero dende logo si que o é por necesidade. Agora que podemos analizar os xenomas de mostras antigas, cambia un pouco a visión que temos sobre como evolucionaron as poboacións. Antes tiñamos unha visión máis estática, agora sabemos que de forma continua hai achegas e fluxos xénicos ao longo da historia que lles foron engadindo diversidade ás poboacións de seres humanos, que se foron mesturando e mesturando. Agora podemos analizar con precisión o noso xenoma e ver que é un mosaico e analizar de onde veñen as distintas pezas que o conforman.

Houbo grandes migracións, por exemplo, na Idade de Bronce, hai uns tres mil anos, cun gran desprazamento dende as estepas rusas cara a Centroeuropa e cara ao oeste. Houbera tamén unha migración moi forte no inicio do Neolítico, cando chega a agricultura, hai uns oito mil anos, tamén de leste a oeste, ata chegar ata a Península Ibérica. Todas elas lle deron diversidade ao noso xenoma. E o que estamos vivindo agora non é algo novo, algo que non sucedera nunca e que nunca máis vai pasar. Vemos que as migracións antigas estiveron moitas veces asociadas a cambios climáticos. Nas migracións pode haber unha parte de procura de novos territorios, de curiosidade, pero cando na historia vemos desprazamentos masivos, normalmente foi debido á necesidade.

Adaptado de *Praza Pública*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do texto. ■ Cales son as conclusións da investigación de Gloria González Fortes? ■ Que ten de innovadora? ■ Cales son, segundo o artigo, as diferenzas de xenoma entre o norte e o sur da Península Ibérica? ■ Cales son os principais motivos para migrar?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** O saber avanza cando unha teoría desmonta outra que levaba moito tempo asentada.
- B.** É importante coñecer a historia, e tamén a prehistoria, sobre todo para non cometer os mesmos erros de novo.
- C.** Todos os seres humanos somos froito dunha mestura de xenes: o racismo non ten sentido ningún.
- D.** Nas migracións pode haber unha parte de procura de novos territorios, de curiosidade, pero normalmente a causa é a necesidade.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

O saber avanza cando unha teoría desmonta outra que levaba moito tempo asentada

- Considera que desterrar teorías é a única forma de avanzar na ciencia? Por que?
 - Antigamente o “saber relixioso” ou o “saber espiritual” tiñan maior peso ca o “saber científico” actual. Que opina ao respecto?
 - Pensa vostede que ciencia e relixión mostran visións contrapostas do mundo? Considera que son posturas que entran en conflito, ou pola contra, poden considerarse complementarias?
 - Que descubrimento científico lle parece máis transcendental na historia da humanidade? Por que?
 - Que descubrimento ou avance científico ou tecnolóxico lle gustaría que se producise nos próximos anos?
 - O “saber científico” baséase unicamente en feitos verificables; pensa que hai verdades profundas que non poden verificarse e que non por iso deixan de ser certas? Se é o caso, poña algún exemplo.
 - Dise que ningún tipo de saber avanza sen fallos. Está de acordo? Por que?
 - A ciencia baséase en feitos, non en opinións; considera que isto serve para observar o mundo de maneira crítica e obxectiva? Por que?
- (Se procede)
- Existen diferenzas na importancia que se lle dá ao saber científico entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

É importante coñecer a historia, e tamén a prehistoria, sobre todo para non cometer os mesmos erros de novo

- Interésanlle a historia ou a prehistoria, ou ten preferencia por outras temáticas? Por que?
 - Le noticias, revistas, libros... ou ve documentais sobre historia? Cales?
 - Destacaría algún feito histórico en particular? Por que razóns?
 - Considera que posúe coñecementos sobre historia ou confésase profano na materia? Por que?
 - Que período histórico lle resulta máis atractivo? Por que?
 - A invención da escritura marca a fronteira entre a historia e a prehistoria. Por que cre que é así?
 - Como imaxina a vida dos poboadores da Península Ibérica de hai oito mil ou nove mil anos?
 - Considera que o que nos contan sobre a prehistoria é certo ou que hai moita invención sobre este amplo período? Por que?
- (Se procede)
- Existen diferenzas na maneira de valorar a importancia da historia ou a prehistoria entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

Todos os seres humanos somos froito dunha mestura de xenes: o racismo non ten sentido ningún

- Os científicos rexeitan a idea de raza por falta de rigor e validez, pero para boa parte da poboación é un concepto moi presente, a que cre que se debe?
 - Pensa que os prexuizos racistas están aínda moi presentes na nosa sociedade? Por que?
 - Cre que a sociedade actual é máis ou menos racista que hai dez ou vinte anos? Xustifique a súa resposta.
 - Coñece algún caso de discriminación racial. Cal? Que opina ao respecto?
 - O racismo, a xenofobia e a intolerancia son frecuentes en todas as sociedades; por que cre que ocorre iso? Como cre que se pode remediar?
 - Considera que á infancia se lle está proporcionando unha educación encamiñada a superar estes prexuizos raciais? Por que?
- (Se procede)
- Considera que no seu lugar de orixe a poboación é máis ou menos racista que en Galicia?

OPCIÓN D

Nas migracións pode haber unha parte de procura de novos territorios, de curiosidade, pero normalmente a causa é a necesidade

- Considera que todos somos migrantes? Poña exemplos para ilustrar a súa resposta.
- Cre que migrar, buscar mellores condicións de vida, debería de ser un dereito fundamental dos seres humanos? Por que?
- Galicia foi terra de emigrantes e agora acolle inmigrantes. Pensa que tratamos aos que veñen como nos gustaría ser tratados a nós mesmos se marchásemos?
- A migración non sempre é un feito traumático. Hai moitos casos de éxito e mellora nas condicións de vida. Coñece algún suceso deste tipo? Cónteo.
- Estaría vostede disposto a cambiar de país ou non o faría en ningún caso? Explique a súa resposta.

(Se procede)

- Existen diferenzas na maneira de tratar os migrantes entre Galicia e o seu lugar de orixe?